

O outro rostro de Álvaro Cunqueiro*

Diego Martínez Torrón

Esta é a historia dun libro que non puido ser. *Los otros rostros*, de Álvaro Cunqueiro.

Hai anos, César Cunqueiro, sempre atento á memoria do seu pai, púxose en contacto comigo enviándome un groso material de artigos fotocopiados, aparecidos en «Los otros rostros» a sección de Cunqueiro en *Sábado Gráfico*¹. Encargábame a edición, e ó mesmo tempo pedíame que xestionara algunha editorial na que se puidera publicar o manuscrito.

Estudiando o volume de fotocopias, comprendín que estaba bastante incompleto, e acudín durante moitos meses á redacción, a piques de pechar, de *Sábado Gráfico*, co obxecto de completalo. Conseguí recompilar máis do dobre dos artigos que me enviara César Cunqueiro.

A segunda parte do meu traballo tivo menos éxito. Púxenme en contacto coas mellores editoriais do país, ofrecéndolles en nome de César o libro de Cunqueiro, que se ía chamar, como don Álvaro quería, *Los otros rostros*. Pero era época de vacas fracas pola crise editorial, e ningunha casa quixo aceptar os dous grosos volumes do manuscrito. Xa se sabe que unha cousa é aceptar o bo nome dun autor, e outra facer que venda.

No ínterim, a editorial Tusquets ofreceu a César Cunqueiro a publicación, fraccionada en temas, e mesturando artigos de diversa procedencia non recollidos en libro, deste texto.

Eu pensei entón que dividir un texto unitario en temas arbitrariamente elixidos polos editores, era diseccionar un libro que tiña coherencia por si. O agrupar ademais os artigos tematicamente, perdíase a sintonía –moi curiosa, como máis adiante veremos– entre os textos de Cunqueiro e o momento histórico no que se redactaban tendo en conta ademais que eran artigos de prensa, algúns de tema universal e fantástico, pero que outros comentaban aspectos da actualidade política.

* Traducción realizada por Armando Requeixo dende o castelán.

1. Entre outubro de 1964 e decembro de 1980.

Ante a imposibilidade de publicar o manuscrito como un só libro, *Los otros rostros* transformáronse nunha serie de libros en que se agrupaban por temas aíns artigos de procedencia diversa.

Así, *Los otros rostros* converteuse no libro que non foi.

Deste modo, imaxinei que *Los otros rostros*, ese libro espléndido e unitario que tivera sido, editouse tal e como quería Álvaro Cunqueiro.

Quen non queira recorrer a ese equilibrio de imaxinación, pode considerar a miña conferencia como un simple comentario ós artigos de Cunqueiro en *Sábado Gráfico*.

Oxalá alguén, quen sexa, edite con rigor algún día este gran libro que nunca foi.

Ante todo quero destacar o interese que *Los otros rostros*, ten para comprender o decurso da obra de Cunqueiro, e moi especialmente da súa narrativa, que me parece o aspecto central da obra deste grande escritor. Isto non obsta, evidentemente, para que *Los otros rostros* teña tamén un valor, e moi notable, por si mesmo².

Por outra parte nótese como dende o ano 1978 hai en Cunqueiro unha dedicación case exclusiva ó ensaio periodístico ou artigo e un lamentable abandono da narrativa, xustificado por unha enfermidade. Pero o que o noso autor fai dunha maneira máis continua, mesmo en períodos de convalecencia, son estes artigos aquí reunidos.

En primeiro lugar o que destaca do libro é a súa grande orixinalidade, característica esta de toda a obra do insigne escritor galego, o valor do cal non foi aínda correctamente medido pola historia das nosas literaturas, e a quen estou seguro de que o tempo reserva un lugar predilecto entre as letras españolas do século XX.

En Cunqueiro descubro unha grande erudición –recreada sen embargo dunha maneira bromista e desenfadada– (exemplo, «De la Luna a Pedro Romano»). E nestes artigos descúbreñse tamén referencias culturais de interese para o estudo da súa narrativa, como a súa relación coa literatura de lord Dunsany, por exemplo, en «Final de Hadas».

Los otros rostros contén unha enorme documentación en anécdotas e referencias, que o farán imprescindible para unha posible Historia da Literatura Fantástica en España que algún día poida escribirse. Hai nel, ademais, unha increíble cantidade de datos lendarios, moitos deles orais, rescatados do esquecemento. Esta morea de lendas universais xira sempre ó redor do tema galego, porque como se verá

2. Outros libros de artigos de Á. Cunqueiro son: *El envés*, selección de Néstor Luján y Joan Perucho, Barcelona: Táber, 1969, publicados inicialmente en *El Faro de Vigo*, nova edición actualmente en preparación; *Las historias gallegas de don Álvaro Cunqueiro*, Madrid: Banco de Crédito e Inversiones, 1981; e *Fábulas y Leyendas de la mar*, edición de Néstor Luján, Barcelona: Tusquets, 1982, publicados inicialmente en *La Hoja del mar y Sábado Gráfico*, edición de César Antonio Molina en Tusquets; *Tesoros y otras magias* (1989), *Los otros caminos* (1988), *El pasajero en Galicia* (1989), *Viajes imaginarios y reales* (1986), *La bella del dragón* (1991) en Tusquets. *Papeles que fueron vidas*, edición de Xesús González, Barcelona: Tusquets, 1994.

Cunqueiro é simultaneamente rexionalista e universalista: mellor, contempla o universo das lendas a través da ambientación da súa querida Galicia, poboada de soños.

O que máis atrae da obra de Cunqueiro é a súa visión poética da realidade, a súa capacidade de transfigurar esta realidade a través dunha peculiar fantasía con rexistros irónicos sorprendentes.

Cunqueiro recala contemplativamente nos detalles da lenda fantástica –tómese por exemplo «Quemar un poeta». E semella vivir en perpetua convivencia co máxico e lendario, nese paraíso perdido no faio da memoria dos pobos, habitado por gnomos, meigas, demos e sereas. Onde todo posúe a incontestable autoridade do soño. Quizabes porque, como dicía Pliades en *Las mocedades de Ulises*, só é mentira aquilo que non se soña. E Cunqueiro é un soñador nato, cunha deliciosa imaxinación.

Esta incidencia do soño humano sobre a realidade, que é evidente en *El año del Cometa* –esa maravillosa obra de madurez–, é tamén destacada nestas páxinas:

Le eché un poco de teatro al (vino) Chianti gibelino y, mejorándolo en la imaginación, lo mejoré en la realidad.

Cunqueiro refírese explicitamente ó tema do soño no artigo «Vendedores de sueños». En definitiva, para el o escritor non é senón un vendedor de soños: é un privilexiado soñador. Este tema, como outros os que aludirei aquí, estudieinos amplamente no meu libro sobre don Álvaro³.

Por outra banda, Cunqueiro foxe da trampa do xénero fantástico: da distancia, a alteridade ausente. Cunqueiro contamina coa súa profunda humanidade ó tema do máxico, comunícalle o seu sentir, o seu pulso humano. Tódolos artigos de *Los otros rostros* revelan un corazón grande, aberto ós afáns cotiáns que ocupan a un pobo. Non esquezamos o que se le nestas páxinas:

Vinos humanos, buenos compañeros, amigos que te echan un brazo por el hombre. Pero humildes y callados como gallegos. Como yo mismo.

Cunqueiro tende así en moitas ocasións a unir o heroe mítico co home cotián. É o que teño chamado «humanización do mito» ou proviñcianización deste. Así dona Isolda é da parroquia de Vilar de Ferreiros, viúva de don Tristán García o do lembrado Tristán de Leonís, en «La farpa de don Tristán», que é unha belísima aproximación da lenda de Tristán e Isolda á realidade cotiá. E este xogo coas posibles fins dun tema mítico atópase tamén nas súas novelas *Las mocedades de Ulises*, *Un hombre que se parecía a Orestes* e *Cuando el viejo Sinbad vuelva a las Islas*. No artigo «La astucia de Aconcio» inventa tamén outros finais para o mito de Aconcio e Cípide.

3. Diego Martínez Torrón, *La fantasía lúdica de Alvaro Cunqueiro*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1980. E igualmente a miña edición de *Las mocedades de Ulises*, Madrid: Espasa-Calpe, col. Austral, nº 1652, 1985, e os meus *Estudios de literatura española*, Barcelona: Anthropos, 1987, pp. 263-346.

En todo caso, a capacidade fabuladora de Cunqueiro xorde dunha inaxinación superpoboada de lendas literarias e orais, que aquí constitúen unha armazón de anécdotas sobre o que se edifica cada artigo en concreto. Pero sempre –igual ca na súa novela ou na súa poesía– latexa o mesmo mundo máxico e bromista.

Quizabes Cunqueiro pensa, co valisoletano Martín González de Cellóriga, a quen cita aquí, que España «es una república de encantados que viven fuera del orden natural» («De arbitristas»). Iso rompería co tópico do noso realismo constitutivo, evidentemente.

Os artigos que compoñen este libro caracterízanse, ademais, polo seu carácter de suxestión, de apuntamento que se deixa sobre a páxina para a delectación privada do lector. Suxestións que apuntan e desaparecen para ir a outro tema.

Los otros rostros posúe un evidente carácter mixto, de varia noticia, de curiosidade diversa e amena. Neste sentido o autor semella evitar toda posible construción lóxica, todo encadeamento forzado por unha posible estrutura de composición. O igual cá súa novela, estes artigos caracterízanse polo libre deambular da imaxinación. Navegación ó pairo, chameino, a propósito da súa narrativa. É a imaxinación libre deste grande autor galego, que sen embargo nunca resulta desganduxada e esfiañada.

É a maxia do contar cunqueiriano. Contar de tertulia improvisada. Arte popular e sabia. Arte inimitable que franquea os límites da lóxica. Cunqueiro desafia ós aburridos esquemas da lóxica. A súa arte é a vida.

Insistín moito no carácter *lúdico* da fantasía de Cunqueiro, e non me arrepiño diso. Nótese, por exemplo, como aquí conflúen, no ámbito dun mesmo artigo breve, unha cantidade diversa de lendas ou referencias culturais ben populares ou ben literarias. Tomemos como exemplo o tema de Gunnar Olafson en «Historia con Navidad al fondo».

Cunqueiro semella non respectar o mito. Pero é precisamente o contrario: porque o respecta e ama, xoga con el. Este ludismo fantástico ségueme parecendo hoxe o máis difinitorio do seu estilo. E nótese que neste xogo co mito e a lenda ten un papel moi importante a ironía: así, por exemplo, cando se toca o tema do Camiño de Santiago, hai unha referencia a unha praza Pigalle do Camiño, evitada polos peregrinos virtuosos... Estas felices ocorrencias confiren unha peculiar amenidade e gracia ós seus textos.

En realidade Cunqueiro venera o mito e a lenda. E precisamente por iso arróupaa cun aire cálido e humano. E entón, ¡oh, maravillosa heterodoxia!, xoga con ela, sométea ó prisma da súa ironía, ou acércaa máis ó cotián, ou introduce elementos da súa propia fantasía ou imaxinación en dita lenda ou mito. Respecto si, pero tamén ludismo: consideración persoal acerca do acervo cultural que se nos legou –escrito ou oral–, xogo cos elementos da tradición, renovados.

Nótese, ademais, como a fantasía de Cunqueiro foxe do tema fácil do terror ou do medo. O noso autor sorrí co fantástico, precisamente porque o comprende e o ama, porque o incuba na súa persoal imaxinación. E desta recreación xorde o milagre.

Cunqueiro, por outra banda, varre sempre para a casa. Tende a aproximar o distanciado fantástico á súa terra galega, ó seu contorno.

Tomemos por exemplo «Sortes e resortes», ou «El visitante de Antruejo» e as referencias a Miranda –que aparecen tamén en *Merlín e familia*. El posúe unha visión ampla e decididamente universal, pero que é á vez peculiarmente galega. Observa o universo enteiro das lendas –como dicía ó principio– dende a súa atalaia galega, e fai radicar este universo na terra que el cre máis lendaria por excelencia: Galicia. Este aspecto mítico da súa terra é evidente por exemplo en «La mujer gallega».

Porque nesta delectación polo galaico xoga un papel importante o seu amor á muller da súa terra:

enseñaban al hombre el amor por la mujer, sentada junto al fuego, tímida y dulce hilandera. Es posible que desde entonces le haya quedado a la mujer gallega esa suavidad callada en la espera, ese dejarse asombrar de amor, ese silencioso parpadeo ante el misterio, que en algunos de los grandes enamorados de la estirpe –una doña Inés de Castro, Cuello de Garza, por ejemplo– es la flor imposible de su condición. Y será la conciencia plena de que el amor es cosa mágica, hechizo secreto, inaprensible sentimiento, lo que hace que a la gallega le guste tanto hablar del amor, dilucidarlo, parrafear, como acá decimos, sobre los hilos mil del sentir.

Galicia é tema fundamental en Cunqueiro, que nos descobre a amizade do galego coa lenda e presenta a súa terra como lendaria por natureza (en «Los jóvenes canteros» por exemplo). E sempre salferindo de sorrisos os seus artigos, como neste no que a estatua de Daniel, namorada dos seos de Esther, volve cara a ese cada vez máis a mirada... e iso lembra tamén á estatua de César namorado de David en *El año del cometa*.

Este libro, *Los otros rostros*, é así tamén un repaso dos costumes galaicos. Así sobre a chuvia en Galicia en «Los magos italianos». Repaso mixto de tódolos temas que teñen que ver coa súa terra.

En «Los sordidos gallegos» defende con gracia pero con acougo ós galegos, a partir dunha alusión literaria negativa de Camões. E di con tino: «Yo le digo a mis paisanos que hay que estar a todas, y alegrarse de andar en octavas reales, y ya vendrán tiempos mejores».

Testemuños tamén dos costumes ás veces necrofilicos do galego, como «La romería de los resucitados»; neste dende a vivencia emocionada do escritor, en parte curado da súa enfermidade, que promete ir a esta romaría. Cunqueiro alude aquí con elegancia ó tema da enfermidade que o afectaba xa por aquelas datas.

Cualifica Cunqueiro de tristes ós portugueses, ós que non parece ter moita simpatía. Menos aínda quizabes cara ós mouros («El periquito y los terremotos») segundo creo adiviñar nos seus escritos. Quizabes lle tira a orixe étnica celta cara a Occidente, aínda que declara a súa admiración cara ós relatos semitas («Desde el fondo de las edades»).

Deténdonos agora un pouco na *técnica* de construción, ou máis ben –pola ausencia de construción– de *elaboración* destes artigos podemos volver de novo ó xa mentado sobre «la mujer gallega». Ante todo vemos como Cunqueiro prima sempre o *sentimento*, o afecto humano, expresado con pudor viril entre risos e sorrisos e o amor é nel un sentimento importante.

Vemos como neste artigo Cunqueiro *selecciona* de todo o literario aquilo que ten carácter lendario. Así, Romeo e Xulieta. Pero despois une este trazo lendario da literatura ou da tradición oral ó contorno que lle é máis querido, aproximándoo ó humano. E así evoca á moza que vai ó mencer levar trigo ó muíño, e atopa no camiño ó seu pretendente. E entón, por veces, unha deducción poética, unha reflexión suxestiva: a despedida de ambos namorados conclúe co breve que para eles é o longo diálogo do amor...

Pero ademais, neste mesmo artigo lese o seguinte:

En definitiva, el asunto será también que no está exenta la mujer gallega de la condición intelectual de la raza, ni es ajena a ese escepticismo esencial del galaico, del que sabe curarse con el apetito mágico y la convicción de que si las cosas tienen siete rostros, uno puede ser el verdadero.

Esta alusión ós diversos rostros das cousas danos pé tamén para interpretar o sentido do título que o propio Cunqueiro elixiu para esta serie de artigos de *Sábado Gráfico*. Como se quixera aquí amosar o rostro esquencido, a outra face da realidade, que ó mesmo tempo é moitas caras, *outros rostros*.

En todo caso, nótese como neste libro aparecen temas queridos da súa narrativa, pero tratados dunha maneira máis directa, dende o punto de vista dun interlocutor humano máis vivo, dende o diálogo que co lector se establece na periódica columna dunha cita semanal. E sempre dende a perspectiva da anécdota, do detalle festivo e máxico á vez, que se mestura con outros moitos detalles que quizabes aporten os «outros rostros» múltiples e esquencidos da móbil realidade que nos circunda. Busca Cunqueiro o contacto coa *outra realidade*, a máxica, que tantas veces é a única que ve o home⁴.

Con respecto a esta técnica de elaboración non estaría de máis mencionar as súas afirmacións recollidas en «Tarjetas de visita»:

Historias como estas más gustan en Portugal, porque a la gente de allí le encanta cualquier narración por la que pase un desconocido, cuya condición nada sabe, que dice unas palabras misteriosas y desaparece. A esto le llamo yo verdadero gusto por la novela.

O artigo titulado «Los augurios» é un exemplo interesante do modo en como fía Cunqueiro sucesos e relatos dunha maneira popular. Así temas que non teñen unha

4. Cfr. o prólogo de Cunqueiro, que parafraseo nesta última oración, a miña *A fantasía lúdica de Álvaro Cunqueiro*. Tamén reproducido na miña edición citada de *Las mocedades de Ulises*.

relación lóxica entre si (prodixios-peste-etc) son fiados no decurso do texto. Así ocorre tamén na súa narrativa, cos recursos técnicos que máis amplamente estudiei.

¿Mentalidade surrealista? Máis ben diría eu que visión fantástica que amalgama todo o bo saber contar tertulieiro. Porque na tertulia a conversa deriva, como o barco sobre as ondas, dunha maneira sempre amable, dunha a outra parte. No contar de Cunqueiro retómase á fin do artigo –ou da historia, no caso da novela– o fío do comezo, e adoita acabar (círculo pechado) cun colofón conclusivo, que ás veces é unha gabanza de Galicia.

Por todo iso a técnica de Cunqueiro parece ser, nos seus artigos, a da asociación de ideas. Despois vólvese, logo dunha paréntese e deambular libre –como na súa narrativa– ó fío principal. Así, por exemplo, en «Pactar con el diablo», o fío principal retómase cando di «Volviendo al Diablo mayor...», e sen máis preocupacións vólvese ó tema inicial.

En definitiva, Cunqueiro o que fai é *seleccionar* os temas que a el lle interesan ou impresionan, de entre unha grande morea de lecturas ou de noticias orais. Tomándoos de aquí e acolá, salpica logo a *divagación* aparente dos seus encantados ensaios.

Así, por exemplo, en «Cómo probar si uno es castellano», Cunqueiro selecciona, libremente, da *Crónica General* dos medievais aquilo que o divirte: o rei castelán babexante...

Cunqueiro interpreta maxicamente a realidade, aínda as noticias de actualidade que el comenta ó seu xeito. Así, durante a crise de Irán, escribe «Las vacaciones del Sha». E conclúe que sen a data de lexitimidade, sen o espello da xustiza, e sen o can chorón de Persépolis... a República islámica rematará impoñéndose en Persia.

É increíble esta capacidade de indagación e retención nas lendas de diversos países e diversas culturas, que el enfoca dende o seu prisma persoal. Semella crer que a fantasía non ten patria; aínda que deixa ben sentado que a súa é Galicia.

Por outra banda, Cunqueiro posúe unha curiosa capacidade para poetizar temas culturais coñecidos por todos, aderezándoos coa súa peculiar imaxinación. Por exemplo, a matanza dos inocentes en «La gran degollina». A partir deste tema básico, cunha multitude de anécdotas e detalles algúns inventados -fabulados-, compón un artigo peculiar, que deixa –como tódolos seus– sabor a pouco, a poesía leve, a pudorosa tenrura, e a broma poética.

Cunqueiro recrea temas ben coñecidos, ou ben temas só accesibles a través da erudición. E con respecto a isto hai unha curiosa afirmación en «Los antiguos jardines», que o reflecte:

A mi lo que más me gusta de estos libros raros y curiosos es que fueron escritos por gente sabia y erudita, que se documentó mucho antes de tomar la pluma. Y me gusta también el no poder leerlos, que así va mi imaginación, desde el título, volando y constituyendo en el aire estupendos asuntos.

Insisto, polo tanto, no papel creador que ten a libre imaxinación cunqueiraiana, que informa toda a técnica de elaboración da súa escrita.

Vexamos agora os *temas* tan diversos que aborda nestes artigos.

No meu estudio citado coideime de sinalar a tenrura que a Cunqueiro lle inspiran aqueles personaxes danados por algún defecto físico. E aquí a memoria evoca, por exemplo, a escena da coxiña de Samnos, namorada de Fanto Fantini, que se despide do seu heroe con tenras palabras namentres a este o agarda a nave conducida por cabalgadores delfíns impacientes, que o levarán de volta cara a Venecia.

Nestes artigos aparece por exemplo o tema dos tatecos. Léase así ese divertido artigo titulado «Día de tartamudos». Cunqueiro parece conceder cualidades máxicas ás persoas afectadas por este mal. O tateco cría que era dous espíritos nun corpo, e querían falar á vez interrompéndose. E á fin, a ironía sempiterna do noso autor, en palabras do corvo que era o home tateco aparecéndose á súa muller para que non venda as terras: «¡No v'v'v'endas, c'c'c'coño!».

Pero non pensemos que Cunqueiro está lonxe dos temas máis humanos. De todos é coñecida a súa afección, vitalista, amable e sensual, ós temas culinarios. Así o artigo «Tasando la langosta», toca o culinario a través do detalle anecdótico graciosamente aderezado. Logo, o tema é adobado de mitoloxía, e así o propósito da langosta o lector evoca a historia de Palinuro, compañeiro de Eneas, que presta nome científico ó bicho. O tema do marisco é tamén tratado en «Los conocimientos inútiles». E en «Peces en la mar» fai recomendacións culinarias ós seus amigos lectores.

Los otros rostros toca temas mixtos e diversos. Por veces son costumes de Galicia (os magostos, en «Las hogueras de San Martín»). Ou un eloxio do encanto poético do viño («La visita a las bodegas»; eloxio repetido logo en «La cosecha del sábado»; canto báquico á vendimia en «Las tristes vendimias»).

Cunqueiro está moi próximo ó tema agrícola, como a todo o popular da súa rexión. Así en «Entre racimos y castañas». A colleita é para el algo vivo, e moi en relación co home. Por iso unha moza leda e soñadora que pase xunto a un viñado pode mellorar a colleita, e un tipo taciturno arruínala. E hai un trasno chamado Chinchaollo que habita o interior dun ourizo, ata que o varean e el se crava no ollo de quen ousou varear o castiñeiro...

Son temas moi diversos, como o dos magos («Las grandes curaciones»); ou «Sortes e resortes», onde se refire a «un mago amigo mío»). Ou os monstros («Los eternos monstruos»). Tamén o tema mariñeiro é fundamental nel, como ben viu Néstor Luján.

Cunqueiro fala mesmo da súa enfermidade. E segue escribindo artigos cando esta remite («Otra vez el mar»).

Son artigos nos que cabe todo, e que deambulan polos diversos recantos da imaxinación do autor, tan só para que o lector tome contacto coa banalidade cotiá.

Un tema moi querido a Cunqueiro é o dos demos. Así en «Los ausentes febrerillos» dalles nomes que por veces remiten a personaxes da súa narrativa, como o divertido

demo Cobillón, ou Bisodie –Casanova das monxas portuguesas... Por veces reitera o tema da monxa namorada do diaño, á que sempre saca punta («Obispo al bingo y extraterrestres a Evora»).

Ironiza con demos e ananos en «Remedios para crecer», aproximándoos á anécdota humana, transcendida pola súa fantasía cara a unha mensaxe sinxela e xovial. (Cfr. tamén «Tarjetas de visita»).

En ocasión recrea un tema tratando de aportar unha nova interpretación, un novo final sorpresivo, retrotraéndoo ó escenario humano, á realidade cotiá que semella comungar para el co fantástico. Así en «Las entrevistas del verano» Belzebú, disfrazado de estudante portugués e rico na Universidade de Salamanca, é descuberto finalmente na súa pousada por unha criada que o atopa xantando un enorme prato cheo de zumbadoras moscas vivas.

Pero noutras ocasións o tema grave do demo é tratado con respecto máxico, aínda que sempre cunha tenue ironía, como en «El número de la bestia», que contén ademais valiosas referencias bibliográficas sobre este asunto.

Cunqueiro aborda tamén temas serios, artigos que nos achegan dende a anécdota divertida a unha consideración da vida moderna, como «El mono parlante», que critica a lamentable redución léxica polos medios de comunicación –que son máis ben de «incomunicación», dísenos.

Sen embargo, sempre na base do artigo hai unha *anécdota* que da pé a toda a varia e mixta consideración caprichosa e lúdica do autor. Esta anécdota é magnificamente dignificada pola imaxinación e ironía cunqueiriana nunha persoal recreación como en «Los salvoconductos del español».

Entre os temas que toca está o político.

Cunqueiro maniféstase claramente favorable ó proceso democratizador, por exemplo en «Los incendiarios», onde tamén critica o terrorismo incendiario do monte levado dunha actitude que é máis ca ecoloxismo: amor pola propia terra arborizada e verde.

O tema político ten en Cunqueiro menos interese pero pode evidenciar ata que punto son inexactas algunhas crenzas ou afirmacións da crítica respecto á súa ideoloxía.

Destaca Cunqueiro como a transición democrática se fixo sen traumas, fronte ó que prognosticaban os fatalistas de ultradereita... segundo vén dicir el máis sutilmente.

Hai tamén un interesante testemuño do desencanto político en «La divagación electoral», cunha clara broma alusiva á incoherencia da clase política. E bromas con determinados aspectos políticos: así refírese a un tal Cabrera que, chuchado polo vampiro –o que lle fai volverse vampiro á súa vez– converteuse de carlista duro en demócrata... ¿Son un pouco vampiros, fiscalmente falando, os demócratas para Cunqueiro –aínda que el cre na democracia? O interrogante ábrese trala ambigüidade da broma...

Cunqueiro é, en efecto, un home conservador, como gran parte do pobo galego nesta época, pero fiel á transición democrática que el saúda con ledicia medio en serio medio en broma.

Censura Cunqueiro, en alusións, a guerra civil española, e gaba constantemente a transición pacífica trala morte de Franco («Los odios extingüibles»), cun claro eloxio á reconciliación política entre faccións contrapostas, a través de anécdotas culturais e literarias do remoto pasado, Cunqueiro é moito máis aberto do que certos críticos quixeron facernos crer...

Burlase Cunqueiro da intolerancia, decididamente irónico, por exemplo en «El predicador y el desnudo femenino».

Crítica a Hitler («La Atlántida siempre»). E critica tamén por igual ó Vietnam marxista-leninista cá Alemaña nazi («Todos esos niños»). Eloxia tamén, por exemplo, o libro de Jackson e a súa interpretación da guerra civil española.

Hai nestas páxinas unha interesante condena do realismo socialista da novela, que se practicaba cando Cunqueiro comezaba a publicar as súas narracións insolitamente fantásticas. Refírese así a este realismo socialista, en «Los falsos países», que, di «es una de las cosas más tristes y aburridas del siglo». A crítica literaria posterior ía darlle a razón.

Refírese tamén a «los camisas viejas del cristianismo en aquella España» da limpeza de sangue fronte ós xudeus, e non con moita simpatía («Retablo de judíos»).

Finalmente, Cunqueiro acusa nun dos seus últimos artigos, cheo de apaixonada censura, ós terroristas de falta de imaxinación («Terrorismo e imaxinación»).

Creo, en definitiva, que o mellor Cunqueiro non é o político, senón o lendario. Pero este tema político –por exemplo a súa erudita e sentida condena do terrorismo– debe ser tido en conta xa que amosa como pese ó seu maravilloso mundo fantástico, non pecha os ollos á realidade.

Alguns temas de Cunqueiro, por outra banda, remiten á súa narrativa, como o artigo sobre «Bolas de nieve» a *Merlín y familia*, se mal non lembro. É a fascinación desas antigas estéticas coas que xoga a súa ironía. Tamén o tema dos espellos, en «Monstruos para el verano», que tratou con fondo renacentista en *Vida y fugas de Fanto Fantini*. Ou o tema reiterado e querido da corte artúrica, en «Merlín misio-nero», que remiten a *Merlín e familia* ou *El año del cometa*, unido aquí polo capricho lúdico do escritor ó tema dos demos. Ou o tema do unicornio en «Regale un unicornio», que remite a *El año del cometa*, cunha broma escéptica cara á ciencia americana, capaz de construír artificial e masivamente un animal lendario como este («El fabricado en Estados Unidos es un unicornio antipoético»).

Esta crítica da civilización científica e ianqui é outro tema peculiar dos artigos cunqueirianos. De aquí este ton entre nostáxico e eléxico que ás veces tingué as súas páxinas, no que critica aspectos da nosa civilización.

Creo que a Cunqueiro non lle gusta a nosa civilización, e por iso se refuxia na súa fantasía como forma evasiva. Semella botar de menos a lenda e a poesía nunha vida

rexida pola ciencia e a razón lóxica. As súas críticas no tocante á présa moderna, ou ó tráfico que escorren os gorrións da súa rúa viguesa, por exemplo, en «El hombre y sus prisas».

É unha actitude de crítica ante a sociedade actual, especialmente a que ten características norteamericanas de desenvolvemento, por exemplo en «Gallinas y premio gordo». A súa fantasía faille por isto voar cara á outra época, á das lendas e os mitos. Fantasía nostálgica e evasiva fronte, como dixen antes e é importante repetilo, un retrotraer o mito ó humano, achegándoo ó popular eterno, ó retraso dourado e querido do seu pobo galego, humanizando o mito.

Cunqueiro considera ás veces como bárbaros ós homes civilizados, e ten en mellor estima ó campesiño galaico. Así por exemplo, a divertida anécdota de «El pequeño viñedo», onde glosa o feito de que os campesiños regalan ós «bárbaros» Carter y Breznev un viñedo. A modernidade, que mata as lendas, que nos fai vivir nun mundo rexido pola lóxica e a matemática implacable das cifras, é para Cunqueiro, e para o campesiño galego da anécdota, signo de barbarie. Quizabes para Cunqueiro como para outros escritores –penso por exemplo no castelán Delibes– o progreso sexa en certo xeito retroceso...

Recluído na súa bela e arcaica Galicia, aquilatada de poesía e fantasía lendaria, Cunqueiro critica a sociedade actual en «Interrogando extraterrestres». É curioso como Cunqueiro despreza o tema dos extraterrestres, que a el lle parece superstición vulgar desposuída de encanto. El que é capaz de crer nas meigas e demos. Quizabes o tema dos extraterrestres atópao desposuído de poesía, que en cambio atopa nas lendas... ¡Cunqueiro prefere as sereas!... Non cae na superstición científica da masa televisiva. A súa fantasía é máis depurada, máis poética... e ten consciencia de ser propiamente iso: fantasía. Quizabes por esteticismo lendario, aínda que tinguido tamén de humanidade, de populismo.

É moi curiosa a súa actitude ante a credulidade supersticiosa que se basea na ciencia moderna. El bromea coa idea do progreso científico, como cando glosa, por exemplo, o feito de que os astronautas que pisaron a lúa se volveron tolos, en «Los alunados».

Hai tamén nos seus escritos un canto elexíaco e emocionado á xente de mar, a liberdade dos cales está hoxe perdida, en «Las fronteras del mar». Emoción dictada aquí pola verdade humana e trágica dos mariñeiros sobre o tema lesivo para ós galegos das 200 millas, ó que se cingue aquí sen divagacións irónicas, porque lle parece tema suficientemente importante. Cunqueiro está moi cerca sempre do seu pobo.

Outras veces hai nos seus artigos temas que expresan o que chamei contrapunto temático entre beleza e ironía, estudiado amplamente no meu libro. Esta consideración simultaneamente bromista e poética creo que confire unha complexidade e variedade sorpresiva peculiar á obra de Cunqueiro. É o tema do San Xurxo, o dragón e a bela, en «La bella del dragón», marabillosamente poético e divertidamente irónico.

Cunqueiro, bromista incorrizable, reitera ás veces temas xa tratados, como o do tatexo («Día de tartamudos» e «Los tartamudos galeses»). Son temas ou anécdotas

que lle son queridos, e que el repite en varios artigos. Pero hai que ter en conta, e así o comprenderá o lector, que transcorreu un longo período de tempo entre un e outro artigo, cando foron publicados. Así, cando fala da langosta («Tasando la langosta» e «Los conocimientos inútiles»), ou acerca do diaño («Pactar con el diablo», etc), ou do tatexo e o mouro en «Desde el fondo de las edades».

Outro aspecto interesante de Cunqueiro é o seu interese cara á *vox populi*. O seu contar mesmo semella imitar, e así o confesou, ó contar popular da súa terra. Así «El viejo de la montaña», «El incendiario», etc. Cunqueiro dignifica literariamente os relatos orais do seu pobo, que lle é tan querido.

Cunqueiro evoca da súa infancia as tertulias da botica, título dun dos seus libros. Estas tertulias entre os amigos do seu pai, maxistrals curandeiros, na botica do seu Mondoñedo natal, constitúen unha lembranza ennobrecida quizabes pola súa imaxinación. Tal vez daquela derivara a súa afección ás herbas máxicas para curar. En todo caso, á fin desta evocación de «Los oficios pacíficos», hai outra reconvencción á sociedade moderna, pois os roubos de farmacias por motivos de drogas, transformaron a outrora vida pacífica dos boticarios.

En definitiva, *Los otros rostros* amósasenos como un libro de *curiosidades fantásticas*, algunhas delas inventadas polo autor, e outras recollidas e seleccionadas das súas amplas lecturas. Porque en Cunqueiro a súa fantasía persoal únese á fantasía tradicional e lendaria.

Debo destacar unha vez máis esta peculiar conivencia de Cunqueiro co fantástico popular e tradicional.

O resultado é un texto cheo de gracia e poesía, que nunca aburre.

Hai un importante trazo tertulieiro na prosa de Cunqueiro, que explicaría o seu aspecto improvisado, carente de construción lóxica. Cunqueiro ama as tradicións galaicas da tertulia («Tertulia de capones», «Tertulia de alquitarero»...) Ama o contar a carón do lume do fogar das tertulias dos vellos amigos.

En todo caso, o lector de Cunqueiro sabe que, ó abrir as súas páxinas, vai atopar un mundo peculiar e máxico. Que vai entrar nun faio perdido, entre a imaxinación do autor e a memoria dos pobos, nunha estancia onde conflúen en amable ludismo mitos e lendas de diversas edades, irmandadas por un respectuoso xogo con esta cultura do fantástico.

Sabe que vai entrar nun mundo onde nada é verdade nin mentira, senón só soño, puro soño, maravilhoso soño... Poesía, broma e humanidade á vez. Unha cálida humanidade nesa fantasía de corazón grande e aberto.

Fascinación dunha fantasía libre.

Relación de artigos de Álvaro Cunqueiro incluídos en *Sábado Gráfico* na sección «Los otros rostros»:

«El señor cordal» (capítulo de *Escola de Menciñeiros*), 418, 3 outubro 1964; «Martes lardeiro» e «Las hogueras de San Martín», 425, 21 novembro 1964; «La visita a las bodegas», 426, 28 novembro 1964; «Viajes con estrella», 428, 12 decembro 1964; «Historias con navidad al fondo», 429, 19 decembro 1964; «El gorro de los años», 430, 26 decembro 1964; «La flor de los caminos», 433, 16 xaneiro 1965; «Sortes e resortes», 435, 30 xaneiro 1965; «Los ausentes febrerillos», 436, 6 febreiro 1965; «El visitante de Antruejo», 439, 27 febreiro 1965; «La mujer gallega», 500, 30 abril 1966; «En las sacras bodegas», 810, 9 decembro 1972; «De la sardina y el gallego», 944, 5 xullo 1975; «De mecánica vacuna», 945, 15 xullo 1975; «La diferencia entre el animal y el hombre», 946, 22 xullo 1975; «Los judíos gallegos», 947, 23 a 29 xullo 1975; «Las grandes bestias del verano», 948, 30 xullo a 5 agosto 1975; «Abundancia de sirenas», 949, 6 a 12 agosto 1975; «La dispersión de los armenios», 950, 19 agosto 1975; «La Sanit-Barthelemy y sus fantasmas», 951, 26 agosto 1975; «De bomberos y pirómanos portugueses», 953, 9 setembro 1975; «Los fantasmas ingleses», 954, 16 setembro 1975; «Los Grandes misterios», 955, 23 setembro 1975; «El tanguero y el siafermo de Foligno», 956, 24 a 30 setembro, 1975; «Negación de ventrílocuos», 957, 7 outubro 1975; «Un amigo que tuve», 958, 8 a 14 outubro 1975; «Los vendimiadores», 959, 15 a 21 outubro 1975; «De acuerdo con las estrellas», 960, 22 a 26 outubro 1975; «El golem de San Francisco», 961, 29 outubro a 4 novembro 1975, «Del hombre y lo que sigue», 962, 5 novembro 1975; «Los reglamentos y otros sucesos», 963, 18 novembro 1975; «Fábulas de moriscos», 964, 19 a 25 novembro 1975; «De postizos, bellezas y otras nuevas», 965, 2 decembro 1975; «Historias con capones», 966, 3 a 9 decembro 1975; «Los gatos», 967, 10 a 16 decembro 1975; «El fabricante de oro», 968, 17 a 22 decembro 1975; «El campo con sus comuneros», 969, 24 a 30 decembro 1975; «Avisando de sucesos pasados», 970, 31 decembro 1975 a xaneiro 1976; «Un año capricornio a la vista», 971, 7 a 13 xaneiro de 1976; «Los dos últimos irlandeses», 972, 14 a 20 xaneiro de 1976; «Los mismos sueños y la diversa fortuna», 973, 21 a 27 de xaneiro 1976; «Las opiniones de los peces», 974, 28 xaneiro a 3 febreiro 1976; «Ya están en Jerusalén», 975, 4 a 10 febreiro 1976; «Elecciones en el Imperio secreto», 976, 11 a 17 febreiro 1976; «De olímpicos hispánicos», 977, 18 a 24 febreiro 1976; «Una vida de madame Tusseaud», 978, 25 febreiro a 2 marzo 1976; «De ciencia funambúlica», 979, 3 a 9 marzo 1976; «Una dieta para la concordia», 980, 10 a 16 marzo 1976; «De Barba Azul y los partos múltiples», 981, 17 a 23 marzo 1976; «De seis españoles y algunos más», 982, 24 a 30 marzo 1976; «Airiños, airiños, aires...», 983, 31 marzo a 6 abril 1976; «Inglaterra invadida», 984, 7 a 13 abril 1976; «El casco de oro», 985, 14 a 20 abril 1976; «Días en los que canta el cuco», 986, 21 a 27 abril 1976; «Fabricantes de nubes», 987, 28 abril a 4 de maio 1976; «Los ingenios necesarios», 988, 5 a 11 de maio 1976; «De la mudanza de los siglos», 989, 12 a 18 maio 1976; «De las vueltas que da el mundo y propaganda», 990, 19 a 25 de maio 1976; «De la vecindad de el océano», 991, 26 maio a 1 xuño 1976; «Textos en ayuda de amor», 992, 2 a 8 xuño 1976; «El misterioso mundo del paraguas», 993, 9 a 15 xuño 1976; «Lo que se aprende», 994, 16 a 22 xuño 1976; «Donde se cruzan los destinos», 995, 23 a 29 xuño 1976; «El amigo saco», 996, 30 xuño a 6 xullo 1976; «Si Persiles hablase de nuevo con el capuchino», 997, 7 a 13 xullo 1976; «La maldita gloria», 998, 14 a 20 xullo 1976; «En busca de Max Jacob», 999, 21 a 27 xullo 1976; «El pequeño

maléfico», 1000, 28 xullo a 3 agosto 1976; «En vacaciones», 1001, 7 agosto 1976; «Las grandes ocupaciones», 1002, 14 agosto 1976; «Tabla y fábula de piedras preciosas», 1003, 21 agosto 1976; «El país de los incendios», 1004, 28 agosto 1976; «De las conversaciones entre robles y lobos», 1005, 4 setembro 1976; «Espartacus Gay Guide», 1006, 11 setembro 1976; «El terror de la encrucijada», 1007, 18 setembro 1976; «En la primera mañana de otoño», 1008, 25 setembro 1976; «Un viaje a Sicilia», 1010, 9 outubro 1976; «Tiempo de vendimia», 1011, 16 outubro 1976; «El raro peregrino», 1012, 13 outubro 1976; «De políticos y de agüeros», 1013, 30 outubro 1976; «Tasando la langosta», 1014, 6 novembro 1976; «Gentes con diversos habitantes», 1015, 13 novembro 1976; «La seducción de la horca», 1016, 20 novembro 1976; «Estacios examinados», 1017, 27 novembro 1976; «Algunos magos», 1018, 4 decembro 1976; «Misteriosas infantas de Portugal», 1019, 11 decembro 1976; «Devotos y censos», 1020, 18 decembro 1976; «Alejandro submarino», 1021-1022, 25 decembro 1976 a 1 xaneiro 1977; «El rey Arturo y sus nobles caballeros», 1023, 8 xaneiro 1977; «El más complejo mundo», 1024, 15 xaneiro 1977; «Algunos sueños», 1025, 22 xaneiro 1977; «Expédito zapatero», 1026, 29 xaneiro 1977; «El cuervo sospechante», 1027, 5 febreiro 1977; «Los lejanos culpables», 1028, 12 febreiro 1977; «Las sociedades secretas», 1029, 19 febreiro 1977; «Las grandes diferencias», 1030, 26 febreiro 1977; «Rosalía, la casa propia y otras nuevas», 1031, 5 marzo 1977; «El derecho a la siesta», 1032, 12 marzo 1977; «Batallón de brujas», 1033, 19 marzo 1977; «De espionaje y saterías secretas», 1034, 26 marzo 1977; «Contemplando sueños», 1035, 2 abril 1977; «El gran parásito», 1036, 9 abril 1977; «Pascua florida con tesoros», 1037, 16 abril 1977; «Los pudorosos y los ecologistas», 1038, 23 abril 1977; «Elecciones con temporal», 1039, 30 abril 1977; «Del censo electoral», 1040, 7 maio 1977; «La afición al terror», 1041, 14 maio 1977; «Con quién está Dios», 1042, 21 maio 1977; «El vendedor de huesos luz», 1043, 28 maio 1977; «Romance de ciegos», 1944, 4 xuño 1977; «Lo lejano», 1045, 11 xuño 1977; «De ovnis, ataúdes y otros», 1046, 18 xuño 1977; «La fuente de la juventud», 1048, 2 xullo 1977; «Los sombreros», 1049, 9 xullo 1977; «Los incendios anuales», 1050, 16 xullo 1977; «Los niños prodigio», 1051, 23 xullo 1977; «El sordomudo de los mítines», 1052, 30 xullo 1977; «Noticia con monstruo dentro», 1053, 6 agosto 1977; «Antiguas navegaciones», 1054, 13 agosto 1977; «Animales invetados», 1055, 20 agosto 1977; «Los anales del mundo», 1056, 27 agosto 1977; «El sucesor de Nostradamus», 1057, 3 setembro 1977; «Noticias de veranos», 1058, 10 setembro 1977; «Correo con fantasma», 1059, 17 setembro 1977; «Retrato de un obispo y más comuneros», 1060, 24 setembro 1977; «La vendimia y sus frutos», 1061, 1 outubro 1977; «Tres perros», 1062, 8 outubro 1977; «Los caminos de la vida», 1063, 15 outubro 1977; «Día de tartamudos», 1064, 2 outubro 1977; «Día de curación», 1065, 29 outubro 1977; «La palingenesia», 1066, 5 novembro 1977; «Las flores y sus horas felices», 1067, 12 novembro 1977; «Las raras luces», 1068, 12 novembro 1977; «Los idiomas soñados», 1069, 26 novembro 1977; «La dote», 1070, 3 decembro 1977; «Los cambios imprevisibles», 1071, 10 decembro 1977; «Pasando la hoja», 1073, 24 decembro 1977; «Voladoras de San Silvestre», 1074, 31 decembro 1977; «Las ciudades sumergidas», 1075, 7 xaneiro 1978; «Con perlas finas», 1076, 14 xaneiro 1978; «Satán en Normandía», 1077, 21 xaneiro 1978; «El 'Papa' de los cátaros», 1078, 28 xaneiro 1978; «El aspirante al ocio», 1079, 4 febreiro 1978; «La montaña nevada», 1080, 11 febreiro 1978; «Los avisos perpetuos», 1081, 18 febreiro 1978; «Los antiguos perfumes», 1082, 25 febreiro 1978; «Y en sus dedos el diablo», 1083, 4 marzo 1978; «Se subasta un cráneo», 1084, 11 marzo 1978; «De andantes a templarios», 1085, 18 marzo 1978;

«La purificación por el incendio», 1086-1087, 25 marzo a 1 abril 1978; «El mono parlante», 1088, 8 abril 1978; «El sacristán de Cardiff», 1089, 15 abril 1978; «Las grandes libertades», 1090, 22 abril 1978; «¿Por qué tienen ocioso al campeón?», 1091, 29 abril 1978; «Nuevas del hombre-lobo», 1092, 6 maio 1978; «Un enviado especial», 1093, 13 maio 1978; «El bálsamo de Fierabrás», 1094, 20 maio 1978; «Una torre para la tragedia», 1095, 27 maio 1978; «Los centauros», 1096, 3 xuño 1978; «Cómo se habla», 1097, 10 xuño 1978; «Las eternas panaceas», 1098, 17 xuño 1978; «Traumas infantiles», 1099, 24 xuño 1978; «La casa de Leonardo», 1100, 21 xullo 1978; «Es una tarde cualquiera», 1101, 8 xullo 1978; «El 'tarot' de don Ulises», 1102, 15 xullo 1978; «El gran testamento», 1103, 22 xullo 1978; «Los salvoconductos del español», 1104, 29 xullo 1978; «Tuertos, vinos y otras historias», 1105, 5 agosto 1978; «Una ciudad en el horizonte», 1108, 26 agosto 1978; «Espejos portugueses», 1110, 9 setembro 1978; «La farpa de don Tristán», 1111, 16 setembro 1978; «De arbitristas», 1112, 23 setembro 1978; «La muerte de don Roldán», 1113, 30 setembro 1978; «De la Luna a Pedro Romano», 1114, 7 outubro 1978; «Final de hadas», 1114, 7 outubro 1978; «Los incendiarios», 1115, 14 outubro 1978; «Remedios para crecer», 1116, 21 outubro 1978; «Quemar un poeta», 1117, 28 outubro 1978; «Tertulia de perezosos», 1118, 4 novembro 1978; «Tarjetas de visita», 1119, 11 novembro 1978; «Cuervos parlantes», 1120, 18 novembro 1978; «Los tartamudos galeses», 1121, 25 novembro 1978; «Gallinas y premio gordo», 1122, 2 decembro 1978; «Los augurios», 1123, 9 decembro 1978; «Teoría de capón», 1124, 16 decembro 1978; «Los grandes señores que llamamos vientos», 1125, 23 decembro 1978; «La gran degollina», 1126, 30 decembro 1978; «Regale un unicornio», 1127, 6 xaneiro 1979; «Cómo probar si uno es castellano», 1128, 13 xaneiro 1979; «Las bestias del tenebroso», 1129, 20 xaneiro 1979; «Las 'vacaciones' del Sha», 1130, 27 xaneiro 1979; «El mundo de los ratones», 1131, 3 febreiro 1979; «Obispo al bingo y extraterrestre al Evora», 1132, 10 febreiro 1979; «Final de suizos», 1133, 17 febreiro 1979; «La divagación electoral», 1134, 24 febreiro 1979; «Insólitos hallazgos», 1135, 3 marzo 1979; «Las fronteras del mar», 1136, 10 marzo 1979; «Del golem y otros», 1137, 17 marzo 1979; «Príncipes plateados», 1138, 24 marzo 1979; «Los ciegos romances», 1139, 31 marzo 1979; «El hombre y sus prisas», 1140, 7 abril 1979; «El freno contrapedal», 1141, 14 abril 1979; «La muerte vino por el escalatorres», 1142, 21 a 27 abril 1979; «Los conocimientos inútiles», 1143, 4 maio 1979; «La bella del dragón», 1144, 14 maio 1979; «Los inexistentes», 1145, 18 maio 1979; «Los pueblos heroicos», 1146, 19 a 25 maio 1979; «Bolas de nieve», 1147, 26 maio a 1 xuño 1979; «Los odios extinguidos», 1148, 2 a 8 xuño 1979; «El predicador y el desnudo femenino», 1149, 9 a 15 xuño 1979; «La Atlántida siempre», 1150, 16 a 22 xuño 1979; «Fortuna y adivinanza con aves», 1151, 23 a 28 xuño 1979; «Los jóvenes canteros», 1152, 30 xuño a 6 xullo 1979; «El pequeño viñedo», 1153, 7 a 13 xullo 1979; «El viejo en la montaña», 1154, 14 a 20 xullo 1979; «El incendiario», 1155, 27 xullo 1979; «Todos esos niños», 1156, 3 agosto 1979; «Los alunados», 1157, 9 agosto 1979; «Los normandos en el río», 1158, 15 agosto 1979; «Monstruos para el verano», 1159, 22 agosto 1979; «Pactar con el diablo», 1160, 29 agosto 1979; «Las entrevistas del verano», 1161, 5 setembro 1979; «Los magos italianos», 1162, 12 setembro 1979; «El milagro del solomillo», 1163, 19 setembro 1979; «Los eternos monstruos», 1164, 26 setembro 1979; «Las grandes curaciones», 1165, 3 outubro 1979; «Los extrarrestres y el oro», 1166, 10 outubro 1979; «Entre los racimos y las castañas», 1177, 17 outubro 1979; «La astucia de Aconcio», 1168, 24 outubro 1979; «Armas secretas», 1169, 31 outubro 1979; «El reino sumergido», 1170, 7 novembro 1979; «La era de acuario», 1171, 14 novembro

1979; «Barato de sirenas», 1173, 28 novembro 1979; «Los selvícolas», 1174, 5 decembro 1979; «Historia de un comunero», 1175, 12 decembro 1979; «Tertulia de capones», 1176, 13 a 19 decembro 1979; «Tertulia de alquitarero», 1177, 26 decembro 1979; «Lo que se sabe de un añor», 1178, 2 xaneiro 1980; «Banquete funeral», 1179, 9 xaneiro 1980; «Retrato de vizcaíno», 1180, 16 xaneiro 1980; «La sabia y la estatua yacente», 1181, 17 a 23 xaneiro 1980; «El herbolario cuarloto», 1182, 30 xaneiro 1980; «Los lampreófilos», 1183, 6 febreiro 1980; «El fin del mundo», 1184, 13 febreiro 1980; «Los falsos países», 1185, 20 febreiro 1980; «La natación y adivinanzas», 1187, 28 febreiro a 5 marzo 1980; «El misterio de los espejos», 1188, 12 marzo 1980; «Vendedores de sueños», 1190, 26 marzo 1980; «Merlín misionero», 1191, 2 abril 1980; «Festejando la camelia», 1192, 9 abril 1980; «El beso sagrado y el profano», 1193, 16 abril 1980; «Los oficios peligrosos», 1194, 23 abril 1980; «Viudas en peregrinación», 1195, 30 abril 1980; «Tiempo de ‘curros’», 1196, 7 maio 1980; «Interrogando extraterrestres», 1197, 14 maio 1980; «Feria de cuervos», 1198, 21 maio 1980; «Exceso de emociones», 1199, 28 maio 1980; «Hombres angustiados», 1200, 4 xuño 1980; «Ulises sale al mar», 1201, 11 xuño 1980; «El número de la Bestia», 1202, 18 xuño 1980; «El pequeño campeón de Dios», 1203, 24 xuño 1980; «Los oficios pacíficos», 1204, 2 xullo 1980; «Ni mocito barbero ni anillito de mi dedo», 1205, 9 xullo 1980; «Los sórdidos gallegos», 1206, 16 xullo 1980; «Los antiguos jardines», 1207, 23 xullo 1980; «La romería de los resucitados», 1208, 30 xullo 1980; «Los ‘fans’ de la cornamusa», 1209, 6 agosto 1980; «La cosecha del sábado», 1210, 13 agosto 1980; «Las aguas vivificantes», 1211, 20 agosto 1980; «Vendedores sueños», 1211, 21 agosto 1980; «Las orejas de la novia», 1213, 3 setembro 1980; «Los voladores», 1214, 10 setembro 1980; «La necesidad del hereje», 1215, 17 setembro 1980; «Manipulando genes», 1216, 24 setembro 1980; «El astrólogo irlandés», 1217, 1 outubro 1980; «Peces de la mar», 1218, 8 outubro 1980; «Las tristes vendimias», 1219, 15 outubro 1980; «El periquito y los terremotos», 1220, 22 outubro 1980; «Esto es una locura (Entrevista con Cunqueiro)», 1221, 29 outubro 1980; «Otra vez el mar», 1227, 10 decembro 1980 (Enfermidade de Alvaro Cunqueiro); «Desde el fondo de las edades», 1228, 17 decembro 1980; «Repique de campanas», 1229, 24 decembro 1980; «Saludando a las lluvias», 1230, 31 decembro 1980; «El gran sombrero», 1231, 14 xaneiro 1981; «El potlach de los gallegos», 1232, 28 xaneiro 1981; «Una historia junto al fuego», 1233, 28 xaneiro 1981; «Feria de monstruos», 1234, 4 febreiro 1981; «De varia luna», 1235, 11 febreiro 1981; «Terrorismo e imaginación», 1236, 16 febreiro 1981; «Aprendiz de brujo», 1237, 25 febreiro 1981; «Exportación de agua», 1238, 4 marzo 1981; «El uruguayo parlante», 1239, 11 marzo 1981.

Diego Martínez Torrón
Universidade de Córdoba